

DECRETO

EXCMO. SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE EN FUNCIONS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS ECONÓMICAS DERIVADAS DO ABOAMENTO DA NOMINA DO MES DE DECEMBRO.**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 47-2025, por un importe total de 9.867,30 €, dentro do vixente orzamento municipal, para complementar a consignación e dar cobertura as obrigas económicas derivadas da confección da nómina do mes decembro, debido a que na mesma se inclúe o incremento do 2,5% recollido no Real Decreto Lei 14/2025, de 2 de decembro.

Visto informe da Intervención municipal Ref.: 2025/2067, do 20.12.2025.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 9.867,30 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<b>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</b>	<b>IMPORTE €</b>	<b>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</b>	<b>IMPORTE €</b>
93100.12000	9.867,30	43120.12100 43120.12101 43120.13100 43120.16000	1.248,76 581,11 2.328,65 5.708,78
<b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b>	<b>9.867,30 €</b>	<b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b>	<b>9.867,30 €</b>

**SEGUNDO.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.